



Acta de reunión

Órgano convocado	ACTA DA REUNIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO DÍA 25 DE OUTUBRO DE 2022								
Lugar de reunión	Aula C4			Ordinaria	<input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria	<input type="checkbox"/>	Urxente	<input type="checkbox"/>
Nº de reunión	2_2023/24	Data	17-10-2023	Hora inicio	18:30	Hora remate	19:15		
Moderador/a	Directora: Sabela Pardo Vázquez.								
Secretario/a	Secretaria: Mercedes Couto García.								
Propósito	<ol style="list-style-type: none"> Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior. Aprobación, se proceder, da Programación Xeral Anual do centro. Rogos e preguntas. 								
Asistentes	DIRECTORA : Sabela Pardo Vázquez. XEFES ESTUDOS: Anxo Rodríguez Rodríguez, Ángel Suárez Ríos. SECRETARIA: Mercedes Couto García. PROFESORADO: Santos Seara Escudero, Mónica Rodríguez Nieto, Mar Castrillón González, Xavier Mandado Estévez. PAS : PAIS/NAIS: Tania Núñez García, Luisa Álvarez Zaragoza, Ana Lareo Fernández. ALUMNOS/AS: CONCELLO:								

Temas tratados

No **primeiro** punto da orde do día, sométese a votación a acta do CE do día 8 de setembro que foi enviada xunto coa convocatoria, e non habendo observacións á mesma, apróbbase por unanimidade.

No **segundo** punto da orde do día, a Directora presenta a proposta de Programación Xeral Anual do centro, que previamente foi enviada por correo electrónico. Despois de explicada, sométese a votación aprobándose por unanimidade.

En **rogos e preguntas** prodúcense as seguintes intervencións:

A nai Tania Núñez comenta que estanse a vender na cafetería do centro bebidas enerxéticas ao alumnado da ESO. A Directora resposta que non está permitido e que se falará de inmediato coa persoa responsable da cafetería.

A nai Luisa Álvarez comenta a disconformidade dalgún alumno/a de 4º ESO B por non dispoñer de taquillas na súa aula de referencia. Tras varias intervencións por parte da nai e dos membros da dirección, conclúese que este ano foi imposible facer coincidir aula de referencia e aula con taquillas, que o alumnado non debería acceder as taquillas mais que a primeira hora, recreo e a derradeira hora de mañá e que en ningún caso trátase dun dereito senón dun servizo gratuíto e voluntario para o alumnado.



A nai Tania Núñez solicita se avise ao alumnado que ten algunha clase de recuperación pola tarde, se se sabe que o profesorado non vai asistir. Respóndaselle que se avisará sempre que sexa posible.

O Xefe de Estudos, Suárez, informa que as datas da 1ª avaliación da ESO serán os días 11, 12 e 13 de decembro e que a entrega de boletíns será o día 21 de decembro en horario de 09:30h para o alumnado de 1º e 2º ESO e 10:00h para o alumnado de 3º e 4º ESO.

Acordos

- a. Aprobación da PXA do curso 2023/2024.

Non habendo máis asuntos que tratar remata a reunión ás 19:15h.

Visto e prace moderador/a
Sabela Pardo Vázquez

O/A secretario/a
Mercedes Couto García